



# PLAN DIXITAL

## CEE SANTA MARÍA

Versión 1.0 xuño 2022

## ÍNDICE

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEE SANTA MARIA

Código centro: 27014057

Dirección: Rúa da Luz 1 27002 Lugo

Correo electrónico: [cee.santamaria@edu.xunta.gal](mailto:cee.santamaria@edu.xunta.gal)

Páxina web: [www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/)

Neste centro de educación especial son impartidas as seguintes ensinanzas: educación infantil, educación primaria, educación secundaria e formación profesional adaptada e de transición á vida adulta.

Actualmente o número de alumnos e alumnas é de 55 con alumnado nas modalidades de escolarización combinada e atención domiciliaria.

O profesorado do centro é de 21 con especialistas en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, educación física, música, profesores de FP, inglés compartido con outro centro, relixión católica compartido con outro centro e orientación a tempo completo.

O centro dispón de comedor de xestión propia, transporte escolar e servizo de residencia internado para varios alumnos e alumnas de Lugo e de outras zonas da provincia de Lugo.

Actualmente participamos en varios programas do Plan Proxecta tales como Aliméntate Ben, Meteoescolas e Protexemos os animais. Colaboramos con outras institucións para desenvolver actividades no centro, policía nacional, Deputación de Lugo, Concello de Lugo, Cogami, etc. Dispoñemos dun plan de formación ou PFPP no que tratamos distintos aspectos da formación do profesorado; neste curso formámonos na elaboración do Plan Dixital de Centro, PDC.

Resulta de moita importancia o persoal non docente neste centro dadas as características do noso alumnado. Así dispoñemos do seguinte persoal: PAC ( persoal auxiliar coidador) , intérprete lingua de signos, persoal de cociña, conserxeria, persoal de limpeza, fisioterapeuta, persoal educador, ATS DUE e persoal de lavandería.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro atópase na cidade de Lugo, na zona sur ao lado do campus universitario, preto do paseo dos ríos Rato e Miño e nunha das saídas principais da nosa cidade. Trátase dunha zona nova da cidade onde atopamos servizos públicos como a

sede provincial da Seguridade Social, Escola Oficial de Idiomas, Conservatorio de Música e Danza e unha praza con varios negocios de hostelería e de outro tipo.

No proxecto educativo o uso das novas tecnoloxías son un principio fundamental do mesmo e este plan vai a favorecer o seu uso e aprendizaxe entre toda a comunidade educativa. As TICS e as axudas técnicas baseadas nas mesmas favorecen a aprendizaxe e desenvolvemento das competencias do alumnado.

Na PXA do curso 2022-2023 comeza a implantación deste plan e nela deberase plantexar unha concreción do mesmo. Implicará nomear unha coordinación TIC con horario axeitado e suficiente, a elaboración e aprobación dun PFPP para facer posible os obxectivos plantexados no plan de acción e o seguemento e elaboración dunha reseña na memoria final de curso.

### 1.3. Xustificación do Plan Dixital

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro.

No artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

Na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO no curso académico 2021-2022, se fai referencia a que os centros docentes elaborarán un plan dixital.

Nos mesmos termos se expresa a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que

se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

#### **1. 4. Proceso de elaboración**

Para a elaboración deste documento partimos dunha avaliación da situación do centro coa realización do test Selfie e do test CDD. Os resultados foron analizados para plantexar unha análise DAFO, debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, usando unha análise cuantitativa e cualitativa e reflexión dos membros do equipo de traballo e propostas do claustro de mestres.

Desde os datos anteriores e unha reflexión colectiva plantexamos un plan de acción establecendo as prioridades e actuacións que se manifestan nos obxectivos SMART para a posta en marcha deste plan no curso 2022-2023.

Ao comezo de curso plantexamos un plan de formación no centro, PFPP, no que se organiza un seminario de 30 horas e recibimos 4 horas de formación polo equipo ADIX que corresponde ao centro. O equipo ADIX foi guiando a elaboración deste documento, recibindo tamén un modelo editable para a elaboración do documento final avaliado e aprobado polos órganos colexiados do centro, claustro de mestres e consello escolar.

A persoa responsable das TICS coordinou todo o proceso e un grupo de mestres do centro, os mesmos que formaron parte do PFPP, foron os encargados da elaboración deste documento que poñemos en funcionamento do centro, formando parte do noso proxecto educativo.

## **2. Situación de partida**

### **2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

O centro conta con conexión a internet con por fibra óptica simétrica de alta velocidade.

Dispoñemos de dous rack situados un na secretaría do centro e outro na planta alta na sala onde se atopa unha fotocopiadora.

O centro está cableado pero temos unha serie de switch aos que están conectados varios ordenadores de salas contiguas. Tamén dispoñemos de rede wifi en todo o centro con varios puntos de acceso para a súa distribución por todo o edificio.

Nas aulas dispoñemos de ordenador de sobremesa conectado por cable a internet, pantalla, teclado e rato. Os ordenadores das aulas en xeral son do ano 2010 ou 2006 e foron no seu momento enviados pola Consellería.

Dispoñemos de proxector nas aulas de programas formativos, salón de actos, aula de música e aula de informática. Foi enviado pola Consellería o proxector da aula de informática. Os proxectores da aula de música, aulas de programas formativos e salón de actos foron mercadas con fondos propios do centro.

Dispoñemos de pantallas dixitais na aula de informática e aula de música e temos solicitadas á UAC varias que serán entregadas cando dispoñan delas. As dúas dispoñibles foron enviadas pola Consellería.

Na aula de informática dispoñemos de 7 postos de ordenador, proxector e pantalla dixital. Catro dos ordenadores son do ano 2010 e 2006 e foron enviados pola Administración e os demais foron adquiridos con fondos do centro.

Na biblioteca dispoñemos dun monitor dixital interactivo e tres postos de ordenadores de sobremesa conectados a internet. A biblioteca tamén dispón de tablets para conectar a internet e un portátil. Este material foia adquirido con fondos da Consellería dentro do plan Lia de bibliotecas escolares.

Na sala de mestre dispoñemos de dous ordenadores conectados a internet por cable que están a funcionar bastante ben e resultan funcionais que foron adquiridos polo centro.

Nos despachos de secretaria, xefatura de estudos, dirección e orientación dispoñemos de ordenadores conectados a internet e conectados a unha impresora xeral do centro. No caso de orientación tamén se dispón de impresora propia. Foron adquiridos polo centro, salvo o ordenador de orientación, enviado pola Consellería.

Na residencia internado os educadores dispoñen dun ordenador conectado a internet por cable e impresora, seis tablet e unha pequena sala con catro ordenadores conectados a internet por cable. Os ordenadores da sala enviados pola Consellería son do ano 2006 e o resto foi adquirido con fondos do centro.

En dirección hai 5 ordenadores portátiles para prestar a quen os necesites sendo dous deles case novos e actualizados, os outros tres xa son máis antigos. Tres son do ano 2010 enviados pola Consellería e os outros dous mercadas polo centro.

Dispoñemos tamén de tres kits formados por ordenador portátil e kit de conexión a internet dentro do programa “posto educativo no fogar”.

Dispoñemos de dúas mesas adaptadas con ordenador e pantalla táctil adquiridas con fondos dun proxecto de innovación en colaboración con outros centros.

Dispoñemos de dúas impresoras para todo o centro, unha delas pode imprimir en color, sendo moi usada para a preparación do material que necesita o noso alumnado, xa que a maior parte do material e elaborado polo profesorado da aula.

Dispoñemos dunha centralita para a xestión das chamadas de voz con varias extensións e pertence á rede corporativa da Xunta de Galicia.

Xestionamos a páxina web do centro, a aula virtual e a aplicación Abalarmóbil que cada vez usa unha maior número de familias.

As incidencias son atendidas por unha empresa externa que chamamos cando temos algún problema e tamén contactamos coa UAC para resolver as incidencia o máis rápido posible.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Áreas da autoavaliación SELFIE

ÁREAS	GRUPOS	RESUMO
A- Liderado	Equipo directivo	2.8
	Profesorado	3.3
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo directivo	3
	Profesorado	3
	Alumnado	3
C- Infraestruturas e e equipos	Equipo directivo	2.8
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo directivo	4
	Profesorado	3.2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: apoio e recursos	Equipo directivo	3.8
	Profesorado	3.8
	Alumnado	-
F- Pedagogía: implementación na aula	Equipo directivo	3.8
	Profesorado	3.8
	Alumnado	3.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo directivo	3.1
	Profesorado	2.9
	Alumnado	-

H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo directivo	2.8
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.8

### Información test CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	8	13	61,5%
<b>PROVISIONAL</b>	4	6	66,7%
<b>INTERINO</b>	2	3	66,7
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>DESPRAZADO</b>	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,9	Integrador/a B1	76,4	Integrador/a B1

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>PRI</b>	87	Integrador/a B1	77	Integrador/a B1
<b>ESO</b>	81,2	Integrador/a B1	79,2	Integrador/a B1
<b>F.P</b>	59,7	Explorador/a A2	77,4	Integrador/a B1

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado nivel	% profesorado participante
<b>Explorador A2</b>	8	50%
<b>Integrador/a B1</b>	2	12,5%
<b>Experto/a B2</b>	3	18,8%
<b>Lider C1</b>	3	18,8%
<b>TOTAL</b>	16	



### 2.3. Análise DAFO

A partir do informe Selfie, test CDD e outras fontes , o centro xenerou unha análise DAFO que permite a elaboración das liñas fundamentais deste plan en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Facilitase acceso a internet para a aprendizaxe. ( C3)</li> <li>2. O centro conta con asistencia técnica externa ( C5)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A infraestrutura non apoia a aprendizaxe dixital. ( C1)</li> <li>2. Os dispositivos dixitais non son suficientes ou están desactualizados. ( C2)</li> <li>3. Incidencias no acceso a internet.</li> <li>4. Non existen bibliotecas en liña e repositorios de medios e recursos dixitais. ( C16)</li> <li>5. Os espazos físicos non favorecen o uso das novas tecnoloxías para a aprendizaxe ( C14)</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoio do equipo directivo para probar novas formas de ensino. ( A3)</li> <li>2. Debatimos sobre a necesidade de formación sobre o ensino virtual. ( B2)</li> <li>3. Emprégase tecnoloxía dixital para comunicacións relativas ao centro. ( E4)</li> <li>4. Interese polo uso de recursos educativos abertos. ( E5)</li> <li>5. Búsqueda de recursos educativos en liña. ( E1)</li> <li>6. Creación de recursos educativos en liña para reforzar o método de ensino. (E2)</li> <li>7. Puntuación media en liña coa media de Galicia no test CDD. ( CDD)</li> <li>8. Unha pequena parte do profesorado obtén puntuación media elevada no test CDD. ( CDD)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de tempo para explorar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. ( A4)</li> <li>2. Pouco uso das novas tecnoloxías ao colaborar con outros centros educativos. ( B3)</li> <li>3. Disponibilidade horaria reducida para a mellora da competencia dixital.</li> <li>4. Pouco uso das tecnoloxías dixitais para a avaliación das habilidades do alumnado. ( G1)</li> <li>5. Media das subcompetencias por debaixo de 5 no TEST CDD. ( CDD)</li> <li>6. O centro non conta cun plan para afrontar o reto da aprendizaxe mixta.</li> </ol>
	PERSOAL NON		

<b>DOCENTE</b>			
	<b>ALUMNADO</b>	<p>1. O noso alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet. ( H3)</p> <p>2. O noso alumnado aprende a actuar de maneira segura en internet. ( H1)</p> <p>3. O noso alumnado aprende a comprobar a información que atopa en internet. ( H4)</p> <p>4. Existen dispositivos dixitais a disposición do alumnado. ( C8)</p>	<p>1. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais. ( H7 )</p> <p>2. O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos. ( H13)</p> <p>3. Variedade nas competencias dixitais do alumnado.</p> <p>4. O alumnado non trae o seu dispositivo para usar no centro. ( C13)</p>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>1. Apoio do equipo directivo para probar novas formas de ensino usando tecnoloxía dixital. ( A3)</p>	<p>1.O centro non conta cunha estratexia dixital ( A1)</p> <p>2. O profesorado non dispón de tempo para explorar como mellorar a súa estratexia dixital de ensino. ( A4)</p> <p>3. Os espazos físicos non facilitan o ensino da aprendizaxe mixta . ( c14)</p> <p>4. Non existen bibliotecas en liña con materiais para o ensino. ( C16)</p>

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>1. A administración educativa aposta pola formación e a innovación educativa.</p> <p>2. Oportunidade de inversión na dixitalización dos centros educativos.</p> <p>3. Formación para elaborar o</p>	<p>1. Carga burocrática excesiva para o profesorado e equipos directivos.</p> <p>2. Exceso de programas que chegan ao centro.</p>

		Plan Dixital. 4 Oportunidade para avanzar na certificación de competencias dixitais.  1	
	<b>LEXISLACIÓN</b>	1. No noso centro respectamos os dereitos de autor e licencias de uso. ( A5)	1. Cambios legislativos excesivos.
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>	1. Aproveitamento destas entidades para a divulgación de programas e formación para as familias.	1. Unha parte das familias amosa dificultades para o uso das novas tecnoloxías. 2. Zonas de residencia do alumnado con pouca cobertura.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		1. Pouca colaboración con entidades ou cnetros para apoiar o uso das novas tecnoloxías. ( B4)

### 3. Plan de Acción

A partir da análise DAFO establecemos unha serie de obxectivos, buscando que solucionen debilidades ou afronten ameazas, aproveitando as fortalezas e oportunidades. Tratamos de englobar estes obxectivos nas áreas de mellora segundo o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes ( DigCompOreg), para poder relacionalos nunha futura sesión de SELFIE.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Realizamos unha selección de áreas que consideramos prioritarias e plantexamos uns obxectivos relevantes e en relación coa mellora da capacidade dixital no centro que desenvolveremos no curso 2022-2023.

Os obxectivos a plantexar serán: específicos, medibles, alcanzables, relevantes e definidos no tempo, obxectivos SMART.

En cada obxectivo establecemos uns indicadores con valores de partida e de chegada, concretando ata onde queremos chegar e con que elementos. Así a suma de obxectivo + indicador + valores + data é a que reflicte se o conxunto acada as condicións “ SMART”.

Para acadar os obxectivos definimos e concretamos accións, responsables das accións, temporalización, recursos necesarios e valoración do seu cumprimento realizando un seguimento do seu estado.

Ver Anexo I taboas plan de acción.

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Necesitamos completar o cableado do centro eliminando eses puntos intermedios de conexión común para a mellora da conexión a internet que por cable está a darnos algún que outro problema de conexión.

Por outra banda a sala de informática necesita unha mellora centrada na actualización dos equipos , aumentando tamén o número de ordenadores ata 10, cun cableado novo. Ao memo tempo precisa unha reforma da sala e un mellor acondicionamento da mesma. Tamén precisa un monitor táctil interactivo axeitado e actualizado para a mellora do desenvolvemento das sesións e que resulten máis motivadoras para o alumnado.

Nas aulas é preciso actualizar os ordenadores ou renovalos xa que están obsoletos . Sería preciso en dez aulas de PT , dúas de AL, na aula de música e aula de peiteado xa que estes ordenadores tardan en cargar o sistema operativo e resultan bastante lentos.

Nas aulas de PT , AL e música é preciso instalar un monitor táctil interactivo para unha maior motivación do alumnado e desenvolvemento das sesións.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción - ANEXO I

Accións de mellora: Infraestrutura e equipos					
<b>OBXECTIVO 1:</b>	C.16. Creación dun repositorio de medios e recursos dixitais.				<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo- coordinación TIC- Profesorado.				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Creouse no centro un repositorio de medios e recursos dixitais.				
<b>Orde de partida:</b>	O centro non conta cun repositorio de medios e recursos dixitais.				
<b>Orde previsto e data:</b>	Repositorio con 10 medios e recursos dixitais.				<b>DATA</b> xuño de 2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
1.1 Solicitar un PFPP cunha liña creación de medios e recursos dixitais.	Equipo directivo	31-11-2022	CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente
1.2: Crear recursos dixitais adaptados ao noso alumnado.	Profesorado Coordinador TIC	28-02-2023	Ferramentas de creación de recursos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
1.3: Publicar na aula virtual cursos dixitais adaptados ao alumnado.	Profesorado Coordinador TIC	30-04-2023	Aula Virtual		Realizada
					Aprazada

Acción/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS					
<b>OBJETIVO 2:</b>	C12. Deseñar un plan para a abordaxe da aprendizaxe mixta, coa finalidade de diminuír a fenda dixital.				<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo-Coordinación TIC-Profesorado.				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	O centro dispón dun plan de aprendizaxe mixta.				
<b>Orde de partida:</b>	O centro non conta cun plan de aprendizaxe mixta.				
<b>Orde previsto e data:</b>	Plan de ensino mixto.				<b>DATA</b> Xuño 2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
2.1: Solicitar formación para unha programación e aprendizaxe mixta.	Equipo directivo	1º trimestre.	CAFI -CFR	Polo menos o 50% do profesorado participa na formación.	<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
2.2: Elaboración dun plan para a aprendizaxe mixta.	Equipo directivo Claustro Coordinador TIC	1º-2º trimestre.	Claustro. CAFI -CFR Plan de ensino mixto.	Elaboración plan de ensino mixto.	<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
2.3: Reorganización da aula virtual e a creación dun repositorio de recursos.	Coordinador TIC	3º trimestre.	Equipo TIC Aula Virtual	Aula virtual organizada e con contido.	<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

## 4. Avaliación do Plan

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

Plantexamos por un lado unha avaliación procesual cunha frecuencia de cada trimestre e unha avaliación final anual na que se plantexarán as propostas de mellora.

Avaliación procesual:

- Execución das distintas accións plantexadas: en cada acción realizada, aprazada ou pendente.
- Valoración dos resultados .
- Modificación das accións, temporalización, recursos necesarios e responsables das mesmas.
- Propostas de modificacións motivadas.

Avaliación final:

- Inclusión na memoria final de curso.
- Propostas de mellora para a curso seguinte.

### 4.2. Proposta de mellora

A partir do seguimento do plan de acción e avaliación final realizaranse propostas de mellora que se reflectirán na memoria final de cada curso e será a base para a elaboración da concreción a presentar na PXA d o curso seguinte.

## 5. Difusión do Plan

Este documento pasa formar parte do proxecto educativo e como ten que ser difundido entre a comunidade educativa e realizaranse as seguintes accións para este fin:

- Información e difusión entre o claustro de mestres.
- Aprobación e difusión entre os membros do consello escolar o
- Reseña na páxina web do centro.
- Reseña na información xeral ao comezo de curso.
- Concreción anual PXA.